

## **COMUNICADO DA DIRECCIÓN DO CENTRO CON RESPECTO AO** **TERCEIRO TRIMESTRE.**

Nas instrucións **provisionais** recibidas na páxina da Xunta o venres 17 ás 18:40 da tarde nos comunican que temos que afrontar o terceiro trimestre do xeito seguinte: (Parágrafos entresacados do texto que podedes consultar no enlace na súa totalidade)

**Punto 2- Continuidade do calendario escolar:** *“Durante o terceiro trimestre os centros docentes continuarán coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial ou, de ser o caso, presencial, en función das recomendacións que diten as autoridades sanitarias. Ditas actividades estarán adaptadas á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir [... ]*

**Punto 3- Adaptación da actividade:**

*“As actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 deberán combinar de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puideran levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria.”*  
[...]

**Punto 4- Currículo e programación didáctica:** *“Os centros e o profesorado revisarán as programacións didácticas para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas, en función da súa etapa, curso, área, materia ou módulo, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do seu alumnado, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.*

*Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Na medida do posible deseñarán actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible”. [...]*

**Punto 5-Avaliación:** [...]“A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.” [...]

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30850>.

Esta información ten carácter provisional xa que mentres non saia publicada no BOE non será efectiva. Agardamos instrucións mais concretas dentro duns días, segundo nos comunicou o inspector de educación. Cando as teñamos as poñeremos a disposición de toda a comunidade educativa.